



PINZÁS

É común tradición nesta parroquia que a poboación desta empezou por medio dunhas casetas ou cabanas que labraron aquí os Pastores que gardaban o gando que pastaba nos montes confinantes, en tempos, segundo din, en que viñan os portugueses a esta paraxe polos bos pastos que ten. Nunha escritura da Igrexa de Tui do ano 1138 chámase en latín Pinzales Vetereos, que veter-veteris significa cousa antiga ou vella. É Pinzás anexo de Sta. María de Tebra, erixido en tal polo Sor. Bispo Dn. Xoán Manuel Rodríguez Castañón no ano de 1761, despois dun longo pleito dos seus veciños co Cabido Catedral de Tui, que durou 23 anos, sobre a súa erección; pero a igrexa que hoxe serve de parroquia xa tiñan labrado os habitantes de Pinzás no ano de 1742, segundo un rotulo que mantén gravado sobre a porta travesa pola parte exterior, aínda que tan maltratado da inxuria dos tempos que xa non se pode ler todo sen limpar na pedra letra por letra. Venera por patroa tutelar a Sta. María Nsa. Sra. baixo a invocación dos Desamparados; celébranse a festa aquí na feira terceira despois da Dominica de Pentecoste. Habitana 46 veciños, que pertencen polo contencioso político e gobernativo á Xustiza de Tebra. O valor dos seus décimos vai incluído co da matriz. O cura párroco ten casa reitoral e igrexario dun ferrado de pan en semente que lle deron os seus veciños. A fábrica da igrexa percibe de bens en arrendo 130 reais anuais. Dista de Tui 2 leguas.” (Ávila y La Cueva, 534).



Igrexa

Foi anexo de Santa Mariá de Tebra ata finais do século XIX, cando foi declarada parroquia independente; era de presentación polo Señorío da Torre de Tebra.

A **igrexia** (254) presenta unha soa nave rectangular e un presbiterio cadrado máis estreito; engadíuselle no lado sur a sancristía.

A fachada principal é do século XVIII.

Céntrase entre dúas pilastras completas.

A porta é alintelada e moldurada. No **lintel** (256) ten unha inscrición en dúas liñas. Na parte superior, con dificultades para interpretar, pon o nome de quen a mandou facer. Na parte inferior lese: "ABAD DE NTRA SRA DE LOS DESAMPARADOS DE ESA FORTALEZA".

Nas esquinas superiores ten unha labra de adorno na pedra de cintas e folla, e no centro enriba do lintel unha flor de cinco pétalos con botón.

Mesmo enriba o **escudo do señorío** (257).

Unha **fornela** (255) de arco de medio punto moi moldurada acolle a imaxe pètra da Virxe sobre unha cabeza de anxo. Na parte interior fai de ventá para entrada de luz natural á tribuna.

A fachada remátase cunha cornixa ascendente ata a base da espadana, e nas esquinas ten pináculos prismáticos con bola. No lado sur vese a escada que ascende ata ela.

Esa mesma cornixa repítese na base da espadana de dous ocos con arco de medio punto. Os machóns adórnanse pola parte externa cunhas volutas que ascenden desde a parte inferior ata rematar en rolos na parte superior, mesmo xunto á cornixa de separación do remate.

Este é un pequeno corpo lobulado con molduras e oco central que serve de base a unha cruz pètra. Nas esquinas hai pináculos semellantes aos anteriores.

O tellado é a dúas augas.





No interior, a nave sepárase da **capela maior (259)** por medio dun arco triunfal de medio punto apoiado en pilastras.

As paredes están recubertas de pedra serrada ata o comezo da bóveda que é curva. De ladrillo enfuscada e pintada en branco.

O retablo ocupa completamente o paramento. É de finais do XVIII ou comezos do XIX, pero modificado.

Na parte central, aos lados do altar, dous pedestais adiantados para soste sendas columnas estriadas de capitel composto.

Entre elas, a gran fornela central, de arco de medio punto enmarcada e cuns pequenos acodos, divídese para dar lugar a un a modo de predela co Sagrario centrado por dúas pequenas pilastras e unha cornixa de separación.

Encima, unha peaña sostén un **Cristo morto (260)**.

A fornela supera na altura ás columnas, e sen entablamento, preséntase a gloria de Deus. Remátase cun adorno de follas.

Enriba do entablamento das columnas hai xarróns.



O que señan as rúas laterais parten directamente sen banco. Cérranse con pilastras adaptadas ás paredes laterais. En cada unha delas márcase unha caixa e sobre peaña están as imaxes do Sagrado Corazón e de S. Xosé. Enriba da caixa remátase con adorno de cintas.

As rúas laterais están pintadas uniformemente en marmoleado, sen separación algunha, dando a sensación de ser un fondo onde está o retablo que sería soamente a súa central.

A Patroa é a **Virxe dos Desamparados** (261) como consta no lintel da porta principal.

Conserva unha imaxe de **Sto. Antonio de Padua** (262) de arte popular e un **peto de Ánimas** (263).

O adro serve de cemiterio.

FESTAS E ROMAXES DE PINZÁS:

Nosa Señora dos Desamparados: día de Pentecostés.

Corpus: día anterior ou seguinte a de N^a S^a dos Desamparados.



